



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2012.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

SECRETARIA - ACCIDENTAL :

D^a Carmen Blanco Villares.

En Mesía, a 19 de outubro de 2012, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 3 DE AGOSTO E 22 DE SETEMBRO DE 2012.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Pide a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta, en canto á acta da sesión ordinaria de data 9 de febreiro pasado, no punto "9. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SITUACIÓN CRÍTICA DO SECTOR LÁCTEO EN GALICIA", cando se recolle o debate do asunto, faise mención a que o Sr. Álvarez indica que non concello hai un millón de vacas, cousa que está seguro que non afirmou, en todo caso referiríase a toda Galiza.

Manifesta o Sr. Alcalde que seguramente foi un erro de transcripción, e está de acordo en practicar a citada corrección na acta correspondente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En consecuencia, transcribírase ó Libro de Actas a intervención do Sr. Álvarez Monteserín propoñendo a modificación sinalada e onde di:

“Manifesta o Sr. Álvarez que si as asociacións chegaron a un acordo sería necio pola nosa parte non ser sensibles con este tema nun concello con un millón de vacas e tantas familias vivindo deste sector, aínda que boto de menos unha referencia ás explotacións orientadas ó sector cárnico”, elimínase a referencia de “un millón” en relación ó gran número de vacas existentes no concello.

Sometido o sorteo a votación, aprobábase por **unanimidade** dos votos.

2. RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11-10-2012 DE SOLICITUDE DO PLAN ESPECIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FINANCIAMENTO EXTRAORDINARIO DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PEFO) 2012.

A Secretaria - accidental fai lectura da proposta da Alcaldía, da que o seu teor literal di:

“Vistas as bases reguladoras do Plan especial para o financiamento extraordinario de obras e servizos municipais (PEFO) 2012 (DTC 94...Unha deputación para todos os concellos), nas que se sinala que o acordo de solicitude do Plan debe ser sometido á consideración do Pleno, propónse a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2012, de solicitude do Plan especial para o financiamento extraordinario de obras e servizos municipais (PEFO) 2012 (DTC 94...Unha deputación para todos os concellos), que literalmente se transcribe:

1.- Participar no “Plan especial para o financiamento extraordinario de obras e servizos municipais (PEFO) 2012 (DTC 94...Unha deputación para todos os concellos)” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
REPARACIÓN CAMIÑO EN TIEIRA DA BAIUCA (CABRUI E OUTRO)	53.150,13 €	0,00 €	53.150,13 €
REPARACIÓN CAMIÑO FONTE CAPILLAS A BOADO (BOADO) E OUTROS	45.953,73 €	0,00 €	45.953,73 €
MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	40.997,36 €	0,00 €	40.997,36 €
TOTAL	140.101,22 €	0,00 €	140.101,22 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Honorarios de redacción de proxectos de obras



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL	OUTRAS AHEGAS
----	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

C) Acheegas municipais a outros plans, programas ou convenios

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLÚE	FINANCIAMENTO DESAGREGADO	ACHEGA PROVINCIAL
-----	0,00 €	0,00 €
TOTAL	0,00 €	0,00 €

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Acheга POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
MESÍA	57.648,45 €	135.462,55 €	0,00 €

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	140.101,22 €	0,00 €	0,00 €	140.101,22 €
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL AHEGAS A OUTROS PLANS, PROGRAMAS OU CONVENIOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	57.648,45 €	0,00 €	0,00 €	57.648,45 €
TOTAL	197.749,67 €	0,00 €	0,00 €	197.749,67 €

2.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

3.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.- Asumir o compromiso de someter o presente acordo á consideración do pleno do concello na primeira sesión que se celebre.

En Mesía, 16 de outubro de 2012."



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde explicando que se trata dun Plan especial aprobado pola Deputación Provincial da Coruña no que están incluídos os 94 concellos da provincia, ós que se lle asigna a cada un unha cantidade en función de diverso parámetros, sendo a que corresponde a Mesía de 197.749,67 €. A subvención pódese destinar principalmente a financiar gastos correntes e á realización de obras de reparación de obras instalacións ou infraestruturas xa existentes.

Continúa o Sr. Alcalde, explicando que o equipo de goberno decidiu destinar 57.648,45 € a gastos correntes, co fin de evitar que facturas para as que se esgotou o crédito no exercicio obriguen a aprobación dun expediente de crédito extraordinario.

Explica o Sr. Alcalde, que se aprobaron tres proxectos de obras. A mellora da rede de abastecemento de auga municipal, co fin de instalar redutores de presión e outros mecanismos que eviten os problemas de exceso de presión da auga provocados pola gran diferenza de altura existente entre os distintos puntos da rede. Os outros dous proxectos de obras refírense a reparación de camiños, o primeiro consiste na reparación de varios camiños tanto de terra como de zorra, na zona de Tiera da Baiuca que se viron afectados polos traballos realizados como consecuencia da concentración de Borrifáns, no concello de Cesuras. Continua o Sr. Alcalde, dicindo que aínda que tentou que tanto o concello de Cesuras como a Consellería de Medio Rural os amañasen, visto que pasado tempo seguen igual, sendo ademais responsabilidade nosa, decidiron arranxalos. O outro proxecto de obras comprende a reparación dunha pista das Capillas ó Vilar que se atopa en moi mal estado, outra na pereiruga no límite do concello e outra no Nosiño, que aínda que serve a unha soa casa, atópase en moi mal estado, e é xusto amañarlla.

Toma a palabra o Sr. Raposo, que está de acordo coas subvención solicitada, parécelle ben o que sexa beneficioso para todos os veciños.

Explica o Sr. Alcalde, que se tratou de priorizar porque todo o Concello en conxunto non se pode amañar.

Intervén o Sr. Álvarez, dicindo que confían no bo criterio do equipo de goberno, agradecendo, ademais, que non se destinara toda a subvención para gasto corrente, realizando tamén obras co financiamento da Deputación.

Resposta o Sr. Alcalde, que estima que faga esa apreciación porque o 50 % dos concellos da provincia van destinar o 100 % da subvención a gastos correntes, pero confía que o noso concello destinando este pouco poida subsistir.

Sométese a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO TERCEIRO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Manifesta o Sr. Alcalde que se trata dun informe que se realiza todos os trimestres, no que se pon de manifesto a non existencia de obrigas pendentes de pago de máis de tres meses e a inexistencia de intereses de demora.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

4. APROBACIÓN DAS MODIFICACIÓNS ESIXIDAS POLA ORDE DE 27 DE XULLO DE 2012 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS SOBRE O DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MESÍA.

A Secretaria - accidental fai lectura da proposta da Alcaldía, da que o seu teor literal di:

“Visto que en data 24 de abril de 2012 aprobouse provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía, remitíndose o expediente completo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para súa aprobación definitiva.

Resultando que en data 27 de xullo de 2012 recíbese a Orde de 27 de xullo de 2012 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no que se esixe unha serie de correccións sobre o documento remitido.

Elaborado polo equipo redactor o “Documento de aprobación definitiva”, datado en outubro 2012, documento que corrixe as deficiencias sinaladas na Orde de 27 de xullo de 2012 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sobre o documento de aprobación provisional.

Por todo o que antecede, e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, de conformidade co artigo 85.7.b) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, propono ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar as modificacións esixidas pola Orden de 27 de xullo de 2012, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sobre o documento de aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía.

SEGUNDO.- Elevar o “Documento de aprobación definitiva”, que incorpora as anteditas modificacións sobre o documento de aprobación provisional, á Secretaría Xeral de Ordenación do



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para a súa aprobación definitiva.

En Mesía, 16 de outubro de 2012.”

Toma a palabra o Sr. alcalde explicando que logo da aprobar en sesión plenaria de 24 de abril de 2012 o documento de aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal enviouse á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, dito organismo dous días antes de finalizar o prazo de tres meses que teñen para emitir informe, resolveron que o PXOM debía ser modificado nunha serie de cuestións.

Continúa explicando o Sr. alcalde, que a resolución pedía unha serie de correccións, no solo urbanizable, tanto residencial (na zona da casa da cultura), como industrial (no lugar de O Campo, e na zona da antiga cerámica en Visantoña). Igualmente, no solo de núcleo rural, existen unha serie de diverxencias: na información que deben conter as fichas de análises, nos grados de consolidación dos núcleos, existen tamén había varios erros na normativa do Plan, e recordan a obriga de cumprir cos informe de Patrimonio e a memoria medio ambiental.

Continúa o Sr. alcalde, dicindo que co fin de pedir aclaracións sobre as correccións solicitadas, mantivéronse varias reunións, coa Secretaria Xeral, cos técnicos da Xunta de Galicia, así como cos técnicos redactores do documento, co fin de unificar criterios, nas que se nos advertiu que se debían facer estas modificacións para que a Xunta resolva a aprobación definitiva do Plan.

Informa o Sr. Alcalde, que os cambios efectuados co fin de cumprir os requirimentos da Xunta se concretan nun aumento de vivendas non núcleos históricos tradicionais e unha redución nos núcleos comúns, saíndo en total 20 vivendas mais que no documento anterior, sendo en torno a unhas 1.000 o número de vivendas novas posibles a construír, conservándose neste novo documento ós 63 núcleos de poboación que figuraban no documento inicial.

Aclara, o Sr. Alcalde, que non hai cambios substanciais, o que ocorre é que cando se fixo a delimitación dos núcleos, en aras a ter en conta as necesidades dos veciños, alargouse de mais a superficie posible que a lei nos permitía.

Toma a palabra, o Sr. Raposo, dicindo que está claro que sen PXOM, non se poden facer novas vivendas, polo que é mellor ir todos a unha, aínda que este Plan se poida mellorar.

Resposta o Sr. Alcalde, dicindo que en todo cabe mellorar, pero que é mellor ter un Plan, aínda que se poidan facer melloras nel, e sacalo adiante como está, co fin de poder aprobalo antes de final de ano.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Intervén o Sr. Álvarez, explicando que é mellor seguir adiante, porque entende que agora mesmo o mais áxil é cumprir coas directrices impostas pola Xunta, aínda que si que se podería mellorar, o mellor agora mesmo é aprobalo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, explicando que nos dez anos que leva a Lei do solo de Galicia en vigor xa ten moitas modificacións, e se corre o risco de ter que volver a adaptar o Plan á Lei no caso de que se volver a modificar polo que é necesario aprobalo o antes posible.

Sométese a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non manifestándose nada ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (211/2012 a 290/2012).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 19 DE XULLO, 2, 16 E 30 DE AGOSTO E 14 E 28 DE SETEMBRO DE 2012.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai rogos nin preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e trinta e dous minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria – Interventora accidental, certifico.

Visto e Prace,